

## Accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas)

TR301K

### Información para alumnado

Accións formativas dirixidas á cualificación profesional, á adquisición e mellora das competencias profesionais e á adaptación aos cambios nos sectores produtivos, e á inserción laboral das persoas traballadoras desempregadas.

Orzamento 2023-24  
70.024.608€



Prazo límite de execución das accións formativas 30 de setembro de 2024



### Persoas destinatarias da formación

Estas accións formativas están dirixidas:

- Prioritariamente ás **persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego non ocupadas** no Servizo Público de Emprego de Galicia á data da súa incorporación á acción formativa.
- Ás **persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil**, sen necesidade de estar inscrita como demandante de emprego.
- Ás **persoas demandantes de servizos previos ao emprego**.
- As persoas traballadoras **fixas discontinuas** nos períodos de non ocupación **terán a consideración**, a efectos desta orde, de **persoas desempregadas**.
- **Non computarán como ocupadas** as persoas traballadoras afectadas por ERTE, suspensión de contrato de traballo ou redución de xornada.
- Ás **persoas traballadoras ocupadas**, ata un límite do 30% de participantes programados, sempre que as prazas non se cubran con persoas desempregadas.



### Selección do alumnado

- A selección das **persoas candidatas** poderá efectuarse **por selección directa** da entidade de formación, priorizando ás persoas desempregadas que exerzan o seu dereito de elección de centro a través da oficina virtual de Emprego de Galicia, **ou a través da oficina de emprego**.
- A selección do alumnado implicará a realización dunha **proba de selección** das persoas candidatas.
- Na páxina web <https://emprego.xunta.es/diplos> pódese consultar a información das accións formativas ofertadas que está previsto iniciar a curto prazo.

+ Info



Pulsa para acceder

## Accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas)

TR301K



### Accións formativas

- Cada acción formativa está constituída polo contido específico da especialidade formativa a impartir e polos módulos formativos transversais.
- Condicionado á modalidade de impartición autorizada, as accións formativas poderán impartirse en modalidade presencial, mixta ou teleformación.
- As especialidades formativas poderán programarse completas ou por módulos formativos, no caso de especialidades incluídas na programación modular.
- En todos os cursos subvencionados será obrigatoria a impartición do **módulo transversal denominado Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero**.
- Ademais, impartirase un **módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica**.
- Será obrigatorio tamén o **curso básico de prevención de riscos laborais (60 horas)** nas especialidades formativas que así se determinen. A súa superación garantirá o nivel de coñecementos necesarios para desempeñar as funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.



### Dereitos e deberes do alumnado

- | Dereitos   |  |
|--|--|
| ▶▶ A formación realizada nestas accións formativas é gratuíta para todo o alumnado participante. | ▶▶ O alumnado desempregado pode solicitar bolsas e axudas para asistir á acción formativa.               |
| Deberes  |  |
| ▶▶ Asistir e seguir con aproveitamento a impartición das accións formativas.                     | ▶▶ Rexistrar a súa asistencia mediante o uso dos sistemas de control autorizados que aplique a entidade. |
| ▶▶ Facilitar a documentación requirida pola entidade impartidora nos prazos establecidos.        | ▶▶ Responder ao formulario de enquisa de avaliación da calidade ao remate da actividade formativa.       |

+ Info



### Prácticas non laborais

- Nas accións formativas nas que se impartan **especialidades formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade** e nas que se **programen todos os módulos formativos do certificado**, deberase incluír obrigatoriedade o módulo de prácticas non laborais en empresas.
- Poderán realizarse en **calquera especialidade** e a súa externalización **terá carácter voluntario** para as entidades impartidoras e **obrigatorio para o alumnado** no caso de que a entidade opte pola súa realización.
- As prácticas **deberán estar vencelladas cos contidos** das accións formativas realizadas.